



C O N C E L L O  
DE  
M O R A Ñ A

BANDO

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42  
Internet: www.morana.org  
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es  
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)



## SUBVENCIONES PARA A MELLORA DE COMERCIOS

D. José A. Eiras Paz, alcalde -presidente do Concello de Moraña

FAI SABER:

Que a Consellería de Economía e industria da Xunta de Galicia convocou subvencións para o comercio retalista

- Pódense beneficiar destas subvencións os/as comerciantes que desenvolvan algunha das actividades incluídas na orde da convocatoria e cumpran os demais requisitos das bases..
- Considéranse **actuacións subvencionables**, sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2010 ata a 30 de novembro de 2010, as seguintes:

1º **Reforma e/ou ampliación do local comercial**, sempre que a superficie resultante non supere os 300 m<sup>2</sup>, mellora de illamentos e equipamentos e instalacións de aforro de enerxía e auga (esta limitación de superficie non será aplicable a aqueles establecementos comerciais que soliciten a axuda para as actividades comprendidas dentro do código CNAE-2009 4759 Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados).

O investimento máximo subvencionable será de 20.000 euros (IVE excluído). A porcentaxe de subvención será do 70% do investimento subvencionable.

2º **Medidas orientadas á mellora da imaxe dos establecementos comerciais**, que afecten os puntos de venda, que a continuación se describen: a) A contratación de servizos exteriores de escaparatismo. b) Instalación de letreiros luminosos e rótulos exteriores. c) Adquisición de moblaxe, elementos de decoración e calquera outro tipo de equipamento comercial, con exclusión do equipamento informático.

O investimento máximo subvencionable será de 12.000 euros (IVE excluído). A porcentaxe de subvención será do 50% do investimento subvencionable.

**O prazo para solicitar estas axudas remata o 23 de xullo de 2010**, pero débese ter en conta en conta que o interesado debe face-la solicitude previamente por internet.

Para máis información e asesoramento as persoas interesadas poden acudir ao Concello de Moraña ou chamar por teléfono ao número 986 55 30 05.

Moraña, 25 de xuño de 2010

O ALCALDE

Asdo. José A. Eiras Paz

